

PLATÓN, texto 5
***Menón*, 81c-82a**

SÓCRATES. — (...) Así, pois, a alma, sendo inmortal e tendo renacido moitas veces e ao ter contemplado todas as cousas, as de aquí e as do Hades, non hai nada que non teña aprendido. De xeito que non hai que sorprenderse que ela sexa quen de ter recordos acerca da virtude e das demais cousas que, por certo, coñecera anteriormente. Pois ao estar emparentada toda a natureza e tendo aprendido todo a alma, nada empece para que un, recordando unha soa cousa –iso que os homes chaman aprender–, encontre todas as demais, se é valente e teimudo na busca.

Porque o buscar e o aprender non son máis que reminiscencias. Por conseguinte non hai que dar creto a ese argumento sofístico. Faríanos preguizosos e é de débiles escoitar o agradable, en cambio este énchenos de enerxía e fainos inquisitivos. E porque confío en que é verdadeiro quero pescudar contigo en que consiste a virtude.

MENÓN. — Si, Sócrates. Pero como dis iso de que non aprendemos, senón que o que chamamos aprender non é máis que reminiscencia? Poderásme ensinar que isto é así?

SÓCRATES. — Xa che dixeran hai pouco, Menón, que ti es malicioso, pois agora preguntas se che podo ensinar, a min, que estou dicindo que non hai ensinanza, senón reminiscencia, sen dúbida, para facerme caer inmediatamente en contradición connigo mesmo.

MENÓN. — ¡Non, por Zeus, Sócrates! Non o dixeran con esa intención, senón por costume; pero se tes algún modo de probar que é como dis, amósamo.

PLATÓN; *Menón*, 81c-82a

Trad. de Teresa Miñambres Gómez, I.E.S. Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)